

# Suxeito + Predicado + Núcleos



Atopa o **SUXEITO** e o seu **núcleo** nas seguintes oracións:

☺ Os alumnos de Maristas organizarán o campionato

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

☺ Roubaron unha escultura do museo da cidade.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

☺ Celebrarei o meu aniversario nun parque forestal.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

☺ A mestra de Matemáticas ensinounos a dividir con decimais.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

☺ O can da miña veciña ládralles aos descoñecidos.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

😊 Hoxe chegará a nova mestra de Inglés.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

😊 O río Lagares desemboca na praia de Samil.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

😊 As árbores deste bosque teñen máis de cen anos!

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

😊 As gañadoras do torneo fixeron unha festa no pavillón de deportes da cidade.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

😊 Colleremos o barco das cinco.

Suxeito →

Núcleo do suxeito →

Atopa o **PREDICADO** e o seu **núcleo** nas seguintes oracións:

☺ Sandra é a mellor xogadora do equipo.

Predicado →

Núcleo do predicado →

☺ Atopamos un libro moi divertido na biblioteca.

Predicado →

Núcleo do predicado →

☺ O triángulo escaleno ten os tres lados desiguais.

Predicado →

Núcleo do predicado →

☺ A nai de Xulia levounos en tren ao campionato.

Predicado →

Núcleo do predicado →

☺ As baleas son os mamíferos mariños máis grandes do planeta.

Predicado →

Núcleo do predicado →

😊 A súa casa está moi preto da praia.

Predicado →

Núcleo do predicado →

😊 Agora faremos uns debuxos dos mamíferos.

Predicado →

Núcleo do predicado →

😊 Este luns chegarán os xogadores irlandeses.

Predicado →

Núcleo do predicado →

😊 Pola mañá iremos de excursión á praia do Vao .

Predicado →

Núcleo do predicado →

María Liste

